



QUE
PODO
FACER
EU PARA....?

Como
podemos
mellorar o
noso medio?



[Presentación interactiva](#)



[Video presentación do proxecto](#)

CPI Cruz do Sar

881 960 215

Bergondo (A Coruña)

cpi.cruz.sar@edu.xunta.gal

VII CONCURSO DE TRABAJO
POR PROXECTOS

Proxectos de investigación.

Título: Que podo facer eu para...?

Índice

Introdución	3
Obxecto	5
Descrición do proxecto	5
Documentación	6
Tarefas e planificación	9
Recursos empregados	11
A comunidade educativa no proxecto	12
Difusión	13
O proceso de avaliación no proxecto.	14
A biblioteca escolar no proxecto.	15
Referencias e recursos	16

Introdución

Que podería facer eu para....?

A idea que se agocha detrás desta frase é concienciar ao alumnado dunha serie de problemas ou situacións que requiren accións concretas para mellorar problemas globais.

No ano 2015 a ONU e os países que a forman, identificaron unha serie de problemas que había que afrontar de xeito inmediato e uns obxectivos a acadar para mellorar as diferentes situacións problemáticas que se identificaron. Identifícanse coma Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

A aparición do COVID e as condicións que a pandemia impón están acentuando parte desta problemática... actuamos xa?!

Esta foi a presentación á iniciativa e ao proxecto tanto para o alumnado como ás familias. Pretendíamos convertelos en protagonistas, en darlles a responsabilidade de actuar e facelos conscientes da importancia de todos e todas nesta conta atrás, e que canto antes comecemos antes poderemos paliar as consecuencias.



Imaxe coa descrición do proxecto que aparece na presentación interactiva

Na imaxe anterior pódese observar a relación co currículo e todos aqueles aspectos relacionados co mesmo (competencias clave, criterios e estándares de avaliación,...).

No presente proxecto participamos as clases de 1º e 2º de Educación Primaria. Os datos son os seguintes:

Alumnado participante				Profesorado	Función
Aula	Nenas	Nenos	Total		
1ºA	4	6	10	Pilar López Pedro	Titora Deseño e aplicación das propostas
1ºB	3	7	10	Jose Leonardo Fariña García	Titor Coordinador do proxecto Deseño e aplicación das propostas
2ºA	7	11	18	Vanessa Sanmartín López	Titora Deseño e aplicación das propostas
2ºB	11	6	17	Mari Casanova Caínzos	Titora Deseño e aplicación das propostas
	25	30	55	José Manuel Domínguez García	Especialista inglés Imparte Plástica en inglés Aplicación dalgunhas propostas.

Dada a situación derivada da pandemia do COVID deste curso, o proxecto comezou despois do Nadal. Ata ese momento non tiñamos nada claro como sería a marcha do curso e aínda que había a idea de traballar estes contidos, a forma de facelo, o plantexamento do proxecto e as actividades a desenvolver colleron forma a principios do mes de xaneiro.

Para poder transmitir a sensación dun problema global e con solucións e accións concretas en todo o mundo optamos por comezar un proxecto eTwinning. Esta acción de Erasmus + permitíanos ver e coñecer outras realidades ás veces non tan diferentes e que podíamos colaborar con calquera parte do mundo en prol de acadar os nosos obxectivos.

Obxecto

Como xa falamos no apartado anterior focalizamos os nosos esforzos en traballar e integrar os ODS na aula. Para iso quixemos plantexarlles problemas reais, situacións próximas e que puideran propoñer accións moi concretas que axudasen a mellorar un problema global. Temos que ter en conta ademais que nestas idades a capacidade de abstracción é limitada e temos que tentar levar o noso traballo cara o manipulativo, o concreto, o tanxible.

Por esta mesma razón, ademais dos tempos para o desenvolvemento das propostas, hai algúns dos obxectivos que agardamos poidamos traballar nun futuro ou ben que este pequeno proxecto dun ciclo educativo, poida ser máis amplo e ambicioso integrando máis niveis educativos (tendo en conta que ademais somos un Colexio Público Integrado no que contamos con Primaria e Secundaria).

Descrición do proxecto

A idea inicial era que ao longo do proxecto o alumnado poidera aprender a aprender pero, sobre todo, aprender a xestionar. É por iso que, coa posta en práctica deste proxecto, proporcionamos diferentes tipos de actividades e temáticas co fin de que os nenos e nenas aprenderan a planificar, decidir, coordinar, organizar, facer e, por suposto, responsabilizarse e comprometerse co medio que nos rodea e coas súas problemáticas. Deste xeito centramos o noso traballo nos diferentes ODS especificaremos posteriormente.

Na maior parte das actividades que a continuación se expoñerán, o alumnado aprende facendo e o profesorado non é o protagonista do proceso. Propoñemos así situacións, problemas e necesidades tratando de comprendelas e valoralas analizando a realízade e intervindo sobre ela para melloralas seguindo un enfoque integrador.

A idea final é **crear pequenos proxectos para cada ODS**, de tal xeito que **para cada ODS temos un produto final**, un **contido creado por nenos e nenas** para sensibilizar sobre diferentes temáticas e que lles permita responder á pregunta: **Que podería facer eu para...?**



Imaxe dos ODS da web de Bibliotecas escolares de Galicia cos ODS traballado no proxecto

Dos 17 ODS centrámonos nos obxectivos que aparecen destacados. A elección foi:

- Tendo en conta o tempo do que dispoñíamos (as normas e protocolos COVID condicionaron o inicio e o desenvolvemento do curso).
- Pola adaptación tanto á programación prevista coma ao calendario escolar (especialmente nas datas de celebracións e conmemoracións).
- Pola proximidade (actuación na contorna próxima) e a significación para o alumnado (permítenos accións concretas e realizables na aula e nas casas).

Documentación

Para cada un dos ODS seleccionados elaboramos unha táboa na que recollemos a información precisa para realizar as actividades propostas. Ademais especificamos o produto que quixemos acadar e elaborar. Un exemplo desta táboa é a descrición que facemos do traballo co ODS 5 (ver a continuación). [Para ver todas as fichas facer clic aquí para acceder ao documento.](#)

ODS	 ODS 5: Igualdade de xénero <i>Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas.</i>
Descrición	Quixemos visibilizar situacións que se poden dar na vida diaria para amosar unha realidade da que non queremos que forme parte o noso alumnado.
Actividades	Lecturas de libros para traballar os contidos na aula: • Rosa Caramelo (Editorial Kalandraka. Texto de ADELA TURIN - Ilustracións de NELLA BOSNIA). • A historia dos bonobos con lentes (Editorial Kalandraka. Texto de ADELA TURIN - Ilustracións de NELLA BOSNIA). • Artur e Clementina (Editorial Kalandraka. Texto de ADELA TURIN - Ilustracións de NELLA BOSNIA)
Produto	Creación dun video con técnica de StopMotion personalizando a historia de Artur e Clementina: • Ver video co resultado final.

Relación coas conmemoracións do calendario escolar			
• 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. • 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.			
Relación co currículo			
Áreas	Bloque de contidos	Avaliación	Competencias clave
Ciencias Sociais	Bloque 1. Contidos Comúns Bloque 3. Vivir en sociedade	• B1.2.Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. • B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	Comunicación lingüística (CCL) • Expresar as propias ideas e interactuar con outras persoas en diferentes linguas. Competencia digital (CD) • Creación de contidos dixitais. Aprender a aprender (CAA) • Organizar tarefas e traballos. • Colaboración con outras persoas. Competencias sociais y cívicas (CSC) • Participar e mellorar a sociedade na que vivimos.
Valores Sociais e Cívicos	Bloque 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais Bloque 3. A convivencia e os valores sociais	• B2.4. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. • B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	
Recursos e referencias			
• Tablet para a gravación e app StopMotion (no noso caso ao participar no proxecto Digicraft no teu cole dispoñemos deste material), trípode e libros xa mencionados ao comenzo da ficha.			

[Para ver todas as fichas facer clic aquí para acceder ao documento](#)

Tarefas e planificación

Á hora de afrontar este proxecto poderíamos diferenciar diferentes fases á hora de desenvolvelo e á hora de poñelo en práctica.

Pasos previos á posta en marcha do proxecto:

Ámbito de actuación: do profesorado implicado no proxecto.

- Analizar os ODS
- Valorar a súa integración nas aulas, no currículo escolar e no calendario escolar.
- Analizar os recursos dispoñibles, tanto no centro, na comunidade educativa coma en axentes externos ou outras institucións.
- Vías de difusión do proxecto así coma a colaboración con outros centros.

Á hora poñer o proxecto en marcha.

Ámbito de actuación: profesorado implicado no proxecto.


- Temporalización das actuacións
- Deseño de materiais que faciliten a realización das actividades e unha futura transferibilidade.
- Deseño das actividades: Currículo (competencias, obxectivos, avaliación) e produtos finais.
- Busca de socios e posta en marcha do proxecto eTwinning.

Ámbito de actuación: alumnado implicado no proxecto.

- Exposición e coñecemento dos ODS
- Posta en común do que significan, ata que punto me afectan, como podo axudar a acadalos, que tipo de actividades podemos realizar na nosa contorna.

05 Planificación

Fases principais nas que pensamos no noso plan



*Imaxe da planificación feita.
Presentación interactiva.*


Durante o proxecto.

Ámbito de actuación: profesorado implicado no proxecto.

- Desenvolvemento das propostas, análise das mesmas (avaliación formativa) e axustes na posta en práctica das diferentes propostas.
- Intercambio de experiencias coas escolas participantes no proxecto eTwinning.
- Emprego de recursos e proxectos do centro (Biblioteca, Biblioteca Creativa, Digicraft), axentes da comunidade educativa (familias, Concello) e outras entidades próximas (Consortio As Mariñas, Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo,...).

Ámbito de actuación: alumnado implicado no proxecto.

- Realización das diferentes propostas e actividades.
- Crear contidos relacionados cos diferentes ODS.
- Integrar ás propias familias nalguna das propostas.



Ao final do proxecto.

Ámbito de actuación: profesorado implicado no proxecto.

- Análise, valoración e reflexión sobre o proxecto e as propostas realizadas.
- Tentar transferir e difundir algunha das propostas no resto do centro.
- Valorar aspectos de mellora e continuidade do proxecto.

Ámbito de actuación: alumnado implicado no proxecto.

- Recompilación de materiais e difusión das propostas (de xeito virtual).

Recursos empregados

Para o desenvolvemento do proxecto contamos con:

- Recursos propios:

- Biblioteca escolar, coma un dos centros básicos de traballo, difusión das

actividades e de onde principalmente obtivemos:

- Fontes de información e bibliografía: varias das propostas teñen como punto de partida ou de apoio, libros de lectura e de consulta.
- Proxecto Biblioteca creativa: material para a construción das maquetas, elaboración de material en 3D e o traballo cos escornabot.
- Difusión das actividades realizadas.

- Proxecto Digicraft no teu cole, co que estivemos realizando traballos coa placa Makey-Makey, reutilizando proxectos con Scratch, tablets e apps para a realización de stopmotion e modelos para as construción das maquetas.



- Outro material do propio centro para a realización das actividades.

- Recursos alleos:

- Concello coa preparación do espazo para a realización da horta.
- Consorcio As Mariñas ao facilitarnos a visita do punto limpo móbil.
- Aspadisol á hora de axudarnos e colaborar con nós na limpeza e acondicionamento do espazo da horta.
- [Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo](#) á hora de facilitar a realización de actividades coma a plantación da nosa horta con agricultores ecolóxicos que suministran produtos ao comedor escolar e obradoiro de ilustración da natureza con Suso Cubeiro.



Imaxe de parte da nosa Biblioteca e o logo da Biblioteca Creativa

A comunidade educativa no proxecto

Debemos diferenciar distintos colectivos para poder describir e explicar a importancia que ten que toda a comunidade educativa estivera implicada no noso proxecto.

Elementos do propio centro:

Etapas educativas/Niveis educativos:

Dado que o noso centro é un Colexio Público Integrado (CPI), contamos coa etapa de Educación Primaria e coa de Educación Secundaria. Hai actividades do proxecto nas que só participa unha das etapas e outras nas que a implicación e a colaboración entre etapas estivo presente.

Equipo de Biblioteca e Biblioteca Creativa (falaremos no apartado específico).

Equipo de EDLG:

Concurso do Lema polo Medio Ambiente ([Ligazón](#))

Proxectos:

Digicraft no teu cole

Comunidade educativa e colaboracións doutras entidades, organismos, persoas,...:

Familias:

Tivemos moi claro dende o principio a importancia de implicar ás familias no noso proxecto. Familia e escola deben desempeñar cometidos complementarios e só poderán entenderse e acadarse logros positivos se se diseñan e plantexan desde unha relación de mutuo apoio e colaboración.

Implicamos así ás familias nas actividades relacionadas cunha alimentación sa e nas de coidado do medio ambiente.

Concello. (entrega do libro [Microalgas - O mar de Ardora - Xulia Pisón](#))

Asociacións e entidades da contorna.

- Aspadisol
 - [Compartindo tempo e actividades con...](#)

- [Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo](#)
 - Plantación da nosa horta (en [1º](#) e [2º](#))
- [Consortio das Mariñas](#)
 - [Visita do punto limpo móbil](#)

Museos.

- DOMUS: visita virtual [exposición Bocados](#).
- Aquarium Finisterrae: [visita virtual sala Nautilus](#).

Persoeiros recoñecidos no mundo literario e da ilustración.

- Suso Cubeiro (ilustrador). [Visita ao centro para coñecer a riqueza medioambiental a través da ilustración](#).
- Xosé Tomás (ilustrador, creador, docente,...) Onde coñecemos de primeira man os seus libros [Animalia](#).

Difusión

- Páxina web do CPI Cruz do Sar: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicruzsar>.
- Facebook do CPI Cruz do Sar: <https://es-es.facebook.com/CpiCruzDoSar>
- Diferentes blogs do centro:
 - Titorías de 1º: <https://ososeratos.blogspot.com/>
 - Titorías de 2º: <https://aprofevanesa.blogspot.com/>
 - Blogue do EDLG: <http://vagalumedalingua.blogspot.com/>
 - Bloque da Biblioteca: <https://blogcruzdosar.blogspot.com/>
- Páxina do proxecto eTwinning: <https://twinspace.etwinning.net/152804/home>

O proceso de avaliación no proxecto.

A avaliación no proxecto plantexámola coma un proceso, onde pretendíamos que os nenos e nenas entenderan os conceptos do que estaban a traballar, que lles permitira desenvolver as competencias que lles permitan transferir os seus coñecementos e resolver os retos que se lle plantexaban.

Os pasos da avaliación resumímolos en:



Adaptación das fases da avaliación según Chema Lázaro

Á hora de recoller a información de cada un dos produtos finais empregamos recursos coma:

- Listas de control ou contexto. Permitíanos centrar a nosa atención sobre unha parte do proceso concreta que queríamos observar. [Ver modelo lista de control.](#)
- Portfolio. Cada neno e nena foi recompilando os seus traballos (cando a produción era física - [como obtemos o papel](#) ou [cos xogos e xoguetes reciclados](#) ou a través de debuxos segundo a actividade feita coma por exemplo analizando o [que pasaría se axudamos ao planeta](#))
- Rúbricas, que nos permitiron analizar a marcha do proxecto e os resultados finais dos nosos produtos. [Ver exemplo de rúbrica.](#)

A biblioteca escolar no proxecto.

Tal e como di Castán, 2002 *"a biblioteca escolar está chamada a constituir a infraestrutura necesaria para o cambio escolar"*. Tendo isto moi presente, consideramos a biblioteca escolar como un ambiente enriquecedor que decidimos combinar con ferramentas TICs sin opoñerse ou substituírse.

A biblioteca supuxo unha fonte de recursos imprescindible para o desenvolvemento do proxecto. Diferenciamos entre fontes bibliográficas e os recursos da biblioteca creativa.

Fontes bibliográficas:

Moitas das propostas para os diferentes ODS teñen o seu punto de partida nos libros. Ás veces como consulta para aportar información, ou noutros casos con historias que nos permitían traballar os diferentes contidos. Algúns exemplos que se poden consultar nas fichas de cada ODS son:

ODS 5: Igualdade de xénero.

- [A historia dos bonobos con lentes](#) (Editorial Kalandraka. Texto de ADELA TURIN - Ilustracións de NELLA BOSNIA).
- [Artur e Clementina](#) (Editorial Kalandraka. Texto de ADELA TURIN - Ilustracións de NELLA BOSNIA)

ODS 15: Vida de ecosistemas terrestres:

- [Animalia 1, 2 e 3](#) (Editorial Xerais, Xosé Tomás)
- [Historias da fraga revirada](#) (Editorial Galaxia, Xosé Tomás)

Biblioteca creativa:

O feito de contar con material coma os escornabot e a impresora 3D permitiunos desenvolver actividades STEAM, onde os aspectos máis científicos e tecnolóxicos se mesturaban coa creatividade. Algún exemplo disto foron as maquetas que fixemos cos nosos ecosistemas ([elementos dun ecosistema](#) e o [xogo salvemos o planeta](#)) ou como os escornabot reciclaban (en [1º](#) e [2º](#)) ou [seleccionaban alimentos saudables](#).

Referencias e recursos

- ODS:
 - <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>
 - https://cooperacion.xunta.gal/sites/w_coopga/files/estudos/estudio_implantacion_de_los_ods_en_la_xunta_de_galicia.pdf
 - <https://fondogalego.gal/ods/>
 - <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1265>
- [Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [Orde o 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [Fondo de libros da biblioteca do CPI Cruz do Sar de Bergondo.](#)
- [Aula virtual Biblioteca Creativa](#) e [proxecto Digicraft no teu cole](#) (acceso como convidado poñendo a clave *cpicruzdosar*).
- Outras webs e recursos:
 - <https://www.horadelplaneta.es>
 - <https://www.un.org/es/observances/environment-day>
 - <https://www.hsph.harvard.edu/nutritionsource/el-plato-para-comer-saludable-para-ninos/> e [a versión de adultos](#)
- Traballo por proxectos e avaliación
 - [O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria \(Azucena Arias Correa, Dolores Arias Correa, M^a Victoria Navaza Blanco, Dolores Rial Fernández, Xunta de Galicia\)](#)
 - [Aprendo porque quero aprender](#), Juan José Vergara Ramírez, Editorial SM
 - [Evaluar para aprender](#), Neus Sanmartí, Ed. Graó.